



<http://www.ciberlingua.org>

### **Busca a partir da descrición de páxinas**

Trátase de dar información sobre unha determinada páxina galega, incluíndo na descrición algunha palabra chave que facilite chegar a ela por medio dos buscadores traballados. Unha vez atopada, irán compartindo o buscador utilizado e as chaves introducidas, que se contrastarán con outras opcións que tamén tivesen éxito.

A continuación ofrécense algúns exemplos. Dáse a descrición da páxina que se lle pode dar ós alumnos, a URL e unha opción de busca con algún dos buscadores utilizados (evidentemente, hai moitas outras posibilidades), non se fan alusións a operadores porque se trata de URLs utilizadas en obradoiros de nivel moi básico nos que non se chega a ese grao de complexidade. De calquera xeito, aquí está a proposta e a partir de aí podedes buscar as páxinas e opcións de busca máis axeitadas para cada grupo:

- "Os pais e nais tamén se preocupan polo ensino en galego. Atopa a súa web". (Páxina da asociación "Pais e nais polo ensino en galego"). Poden atoparse en *Altavista* coas entradas *pais ensino galego* en practicamente tódolos buscadores utilizados. Moi interesantes en obradoiros con pais.

<http://perso.wanadoo.es/minhoca/npeg>

- "Ademais de ulo e vieiros (xa foran vistos), temos un portal para Galicia e norte de Portugal. Atópao". (Portal Xanela). Atopámolo en *Altavista* coas entradas *portal galicia norte portugal*.  
<http://www.xanela.com>



GALEGO 2 I.org





<http://www.ciberlingua.org>

- "Tamén temos un boletín de ciencia". (Canalciencia) En *Vieiros* coas entradas *boletín ciencia*.  
<http://www.canalciencia.com>
- "Páxina onde podemos descargar fontes galegas para o noso PC". En *Google* con *fontes galegas*.  
<http://www.ciberirmandade.org/uniongaleguista/Fontes%20Galegas.htm>  
(Posteriormente sería de interese descargarlas, instalalas e probalas no procesador de textos)
- "Glosario de termos de Internet en galego con equivalencias en español, inglés e portugués". En *Alltheweb* con *glosario internet galego*.  
<http://www.uvigo.es/webs/sli/glinternet/bibliogr.htm>



GALEGO 2 I.org

